



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Xestión de dexestións gandeiras. Cumprimento de MTD en explotacións gandeiras.

**CONVOCATORIA:** 1ª conv AUTONOMICO

**GRUPO:** Consellería de Medio Rural

**ÁREA:** Consellería de Medio Rural

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	20
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2025
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	ESPECÍFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 21/02/2025 - 09:00h ao 27/02/2025 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓN

### DESCRIBIÓN CURSO

Formar oas inspectores da subdirección Xeral de Explotacións Agrarias nos procedementos de control Segundo o Decreto de Estrutura Orgánica da Consellería do medio Rural o servizo de sanidade e produción vexetal ten a competencia na aplicación da normativa de utilización de lodos de depuradora no sector agrario, e o control oficial dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano (Sandach) xerados nas explotacións gandeiras destinados á fertilización, así como os plans de xestión de xurro, para a consecución dunha agricultura compatible co ambiente e a saúde das persoas consumidoras. A nova normativa de ordenación das explotacións porcinas, avícolas e bovinas establece a obriga de que todas as explotacións deben contar cun Sitema Integral de xestión das explotacións (SIGE). O contido deste SIGE inclúe un Plan de produción e xestión de estiércoles no que se debe controlar os sistemas de recollida e as instalacións previstas. A produción anual, a descripcón da xestión prevista, etc. Para o control deste Plan o Ministerio de Agricultura establece un plan anual de controis que é competencia deste unidade é que debe de empezar a realizarse no ano 2025. Do mesmo xeito as explotacións deben levar un rexistro das Melloras Técnicas dispoñibles para a redución das emisións de gases contaminantes que deben ser controlados polos inspectores oficiais

### DESTINATARIOS

En primeiro lugar persoal técnico agrario que preste servizos dependentes da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da D.X de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.  
A continuación persoal técnico que preste servizos nas oficinas rurais e nos entes dependentes da Consellería do Medio Rural.  
En caso de vacantes persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

### PROGRAMA

#### MÓDULO 1. MTDs PORCINO

- Introducción e marco normativo aplicable para a redución de emisións en porcino.
- Técnicas aplicables para a redución de emisións nos aloxamentos. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.
- Técnicas aplicables durante o almacenamento de xurros e esterco. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.

#### MÓDULO 2. MTDs AVICULTURA DE CARNE E AVICULTURA DE POSTA

- Introducción e marco normativo aplicable para a redución de emisións en avicultura.
- Técnicas aplicables nos sistemas de aloxamento. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.
- Técnicas aplicables durante o almacenamento de esterco. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.

#### MÓDULO 3. MTDs BOVINO

- Introducción e marco normativo aplicable para a redución de emisións en bovino.
- Técnicas aplicables para a redución de emisións nos aloxamentos. Descrición das técnicas e aplicacións prácticas. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.
- Técnicas aplicables durante o almacenamento de xurros e esterco. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.

#### MÓDULO 4. MTDs DURANTE A APLICACIÓN XURROS E ESTERCOS

- Técnicas aplicables para a redución de emisións durante a aplicación de esterco. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.
- Técnicas aplicables para a redución de emisións durante a aplicación de xurros. Descrición e avaliación das técnicas. Aplicacións prácticas.
- Outras técnicas de xestión de dexeccións gandeiras.

#### MÓDULO 5. OUTRAS TÉCNICAS DE XESTIÓN DE DEXECCÍONS GANDEIRAS

- Separación sólido-líquido.
- Tratamentos da fracción sólida e tratamentos de fracción líquida.
- Establecementos SANDACH de compostaxe/fertilizantes
- Dixestión aerobia
- Nitrificación/desnitrificación
- Biometanización
- Emprego de aditivos. Acidificación.
- Técnicas emerxentes

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

En primeiro lugar persoal técnico agrario que preste servizos dependentes da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da D.X de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural.

A continuación persoal técnico que preste servizos nas oficinas rurais e nos entes dependentes da Consellería do Medio Rural.

En caso de vacantes persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 07/05/2025 a 11/06/2025

**NUM. PRAZAS:** 30

**ESTADO:** NORMAL

**DATA EXAME:** 11/06/2025 ás 13:30h

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 12:** Os días 07, 14 e 28 de maio de 10:00 a 14:00. Os días 04 e 11 de xuño de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA